

VINDE Á BIBLIOTECA!!!!

Convíдавos o Departamento de
Ciencias da Natureza!!!

Desde o noso Departamento queremos recomendarvos unha viaxe polos andeis da nosa biblioteca, pois isto da lectura é unha aventura fascinante e descubridora como as que nos gustan aos que somos profesores de ciencias do medio.

Esta viaxe pode comezar por unha das máis grandes e engaiolantes aventuras escritas: **Vinte mil leguas de viaxe submarina**. Neste libro de Julio Verne, un dos autores máis importantes da ciencia ficción, relátasenos un periplo polo mundo submarino ó mesmo tempo que nos apasiona coas técnicas náuticas. A nosa cita preferida?: *“entre os dous darían o mellor naturalista coñecido”*. Se les este libro corres o risco de convertirte nun deses naturalistas dos que fala Verne...

Se falamos de autores de ciencia ficción fascinantes, atopamos a finais do século XIX e comezo do XX outro xenio deste tipo de literatura: H.G. Wells. Calquera dos seus libros é espectacular pero a nós chámamos poderosamente a atención **A guerra dos mundos**, un libro que propón a existencia de vida extraterrestre superior e que invade a Terra... Cres ti que o planeta será quen de resistir a invasión da vida doutros mundos? Cales serán os mellores soldados da resistencia terrestre?

Deste autor téñense levado ó cine moitas das súas obras, pero ésta ata en dúas ocasións, unha vez dirixida por Byron Haskin e outra por Steven Spielberg e ademais existe unha versión radiofónica de Orson Welles.

Xa que falamos de soporte audiovisual temos que recordar o importante fondo de videos, CD's e DVD's cos que conta a nosa biblioteca. Nós animariamosvos a ver dous documentais: **Super Size Me** e **Una verdad incómoda**. No primeiro, o protagonista - director - guionista - sufridor trata de ensinarnos uns dos motivos da pandemia mundial que representa a obesidade a través da inxesta continua e única dun tipo de alimento: o Big Mac. No segundo, Al Gore, o ex-vicepresidente dos EEUU e candidato que perdeu nas eleccións presidenciais do 2000 contra George W. Bush, explícanos que é e quen provoca o efecto do quecemento global. É moi didáctico e realmente entretido.

Este ano celébrase o **ano de Darwin**, creador dunha das máis revolucionarias teorías na Bioloxía: a da *selección natural*; por isto tamén vos convidamos a recompilar información sobre este biólogo nos libros da nosa biblioteca. Se queres profundizar na orixe da súa teoría, existe un libro moi interesante chamado **Wallace** do autor José Fonfría. É unha biografía deste científico que colaborou na redacción da devandita teoría.


Pero no noso país tamén temos científicos punteiros, como o señor Mariano Barbacid ou Margarita Salas, e na biblioteca temos un libriño que fala de dous deles que conseguiron cadanseu nobel: Severo Ochoa e Santiago Ramón y Cajal. O libro chámase **Nobeles españoles**.

BOA VIAXE!!!



Se atopades algunha xoíña parecida ás que vos propomos, por favor indicádenos onde se atopa para poder recomendala aos vosos compañeiros e compañeiras.

Unha das vosas compañeiras encontrou nas mochilas viaxeiras unha que se chama **Rosas blancas para Claudia**, unha novela que fala de Claudia e os seus desordes alimentarios. Pois aí queda a recomendación!!



BOLETÍN Nº 15

Febreiro 2009 (Ano de Darwin)

Super Size Me
Una verdad incómoda



Wallace
Nobeles españoles



Vinte mil leguas de viaxe submarino
A guerra dos mundos



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NATUREZA

PLAN ANUAL DE LECTURA 2008-09

